

Alíate!

Constrúe espazos seguros e libres de violencias machistas.

SEN IGUALDADE,
NON HAI FESTA.



Concello de



Oleiros

Se sentes que algo non che gusta ou te molesta... FÍATE DO TEU PROPIO CRITERIO.

Tan só ti podes decidir o que che gusta e o que queres.



A túa forma de comportarte, bailar, beber, vestir..., non lle dá dereito a ninguén a tocar-te ou acosarte.

Unha agresión é unha agresión, e sempre é responsabilidade de quen a exerce!



Falar e/ou ligar con alguén non te obriga a chegar máis alá de onde ti decidas. Tes todo o dereito a dicir NON cando non che apeteza ou parar en calquera momento. Para calquera tipo de relación ou práctica sexual ten que haber consenso. **Ninguén pode chantaxear, intimidarte ou meterte presión para facelo. Iso é agresión!**



Si, é inxusto que teñas que ser ti quen teña que protexerse...pero intenta vixiar a túa bebida. Ás veces, as persoas agresoras recorren á submisión química para anular a vontade da súa vítima. **Se perdiches de vista durante un anaco a túa bebida e sospeitas que che puidesen botar algo, pide outra!**



**Se te sentes
agredida, non
dubides, é
unha
agresión!**



SE PRESENCIAS OU SOFRES ALGUNHA
AGRESIÓN MACHISTA, FAINO SABER.

**INFORMA E BUSCA APOIO NOS
SERVIZOS ESPECIALIZADOS:**

- **Emerxencias: 112**
- **Garda Civil (EMUME): 062**
- **Policía Local: 981 610 001**
- **Atención a todas as formas de
violencia contra as mulleres: 016 -
600 00 00 16 (WhatsApp)**
- **Teléfono da Muller en Galicia:
900.400 273**



Non faltes á festa



**pero de festa
NON FALTES**